

1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Non se inclúe ningún documento na carpeta de avaliación ambiental estratéxica xa que en fecha 20 de maio de 2013 a Xunta de Galicia comunica o non sometemento ao proceso de avaliación ambiental estratéxica do Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Camariñas.

De Fax_Concello_de_Camarias


Fri May 24 14:56:02 2013

Pagina 1 de 1



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfn.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmaix.xunta.es
avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.es



Concello de Camariñas
A/A: Sr. Alcalde
Praza de Insuela, 57
15123 Camariñas
A Coruña



COMUNICACIÓN DE NON SOMETEMENTO AO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Camariñas

Órgano promotor: Concello de Camariñas

Expediente: 2013AAE1582

En relación ao escrito recibido nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o día 13.05.2013 no que comunica o inicio da tramitación do *Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Camariñas*, co cal achega un documento de inicio (ou anteproxecto de planeamento) co obxecto de que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, e **considerando que:**

- A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, indica no seu artigo 5.d) que os plans especiais serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, agás que o planeamento xeral que desenvolvan fose sometido a avaliación ambiental.
- O Plan especial que se pretende tramitar desenvolve as previsións contidas no vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Camariñas, aprobado definitivamente o 26.12.2012 e sometido no seu proceso de elaboración a avaliación ambiental estratéxica.

Comunícolle que o *Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Camariñas* non ten que someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica por desenvolver un Plan xeral que xa foi obxecto de avaliación ambiental.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Carlos Calzadilla Bouzón
Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

Vigo, Decembro de 2021.

Asdo. Calixto Escariz Vázquez.

Director do Equipo Redactor do PEPRI de Camariñas.

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"